



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baldo - O Pino
32001 OURENSE



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



Comunicado nº 074/21

20 de Maio de 2021

□ O INAUDITO CASI PLENO DE PIRELLI NO RALLYE DE PORTUGAL 2021.

Soamente dous equipos dos 77 participantes na proba Lusa non calzarán pneumáticos da firma Italiana.



Que o desembarco de Pirelli como provedor oficial do Mundial de Rallyes foi un éxito ninguén o pode discutir. O fabricante transalpino leva anos traballando moi ben o seu produto para esta especialidade e no Rallye de Portugal temos o mellor exemplo da confianza que teñen nos seus pneumáticos os diferentes equipos e pilotos.

Dos 77 vehículos que tomarán a saída da cita lusa con sede en Matosinhos, unicamente dous equipos non montarán os pneumáticos fabricados por Pirelli. Si, é certo que por regulamento os rexistrados nos diferentes Campionatos Oficiais do Mundial (WRC, WRC2, WRC3 e JWRC) están obrigados a correr coas gommas milanesas, pero todos aqueles que unicamente queiran correr unha proba do Campionato do Mundo teñen liberdade para elixir o seu provedor de pneumáticos.

E en Portugal, nun rallye onde tamén hai os 17 equipos da Peugeot Rally Cup Ibérica (que ten un acordo con Pirelli), atopamos que de todos os privados rexistrados só dous -o luso Hélder Miranda e o francés Jean- Cristophe Guibert- optaron por outros pneumáticos rodas que non sexan as transalpinos.



“O MEDIBILE NON É OPINABLE”

